# Plan Dixital

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano Académico | Estado |
|---|---|---|---|---|
| 36002220 | CEIP Cabada Vázquez | A Estrada | 2024/2025 | Plan pechado-seguemento |

## 1. Vixencia

| Vixencia | Data |
|---|---|
| Curso inicio | 2024/2025 |
| Curso fin | 2024/2025 |
| Data de actualización | 14/10/24 |
| Data aprobación consello | 15/10/24 |
| Data aprobación claustro | 14/10/24 |

## 2. Introdución

O CEIP Cabada Vázquez é un centro que está situado en Codeseda, no concello de A Estrada, situado nun entorno rural caracterizado pola súa paisaxe natural.
No centro impártense as etapas de 2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria.
A etapa de educación infantil conta con dúas aulas en funcionamento, sendo unha delas un grupo mixto. Na etapa de primaria contamos con cinco aulas en funcionamento cun grupo mixto en 5º e 6º. Na actualidade contamos con 83 alumnas e alumnos, 25 en Ed. Infantil e 58 en Ed. Primaria.
Por outra banda, indicar que a maior parte do profesorado do centro participará, ao igual que os cursos anteriores, nunha liña específica do PFPP para seguir formándonos na competencia dixital. Neste curso formarémonos no uso do material que se nos proporcione con Polos Creativos.
O Ceip Cabada Vázquez participa en diferentes programas nos que o uso das TIC tanto como ferramentas do ensino e aprendizaxe así como medios de difusión entre a comunidade educativa resulta imprescindible: Voz Natura, Plan Proxecta, Xogade, PDI "Un ano de cine " (proxecto de centro), …
A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 34.1 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na normativa de desenvolvemento dos anteriores Decretos, concrétase a estrutura, que como mínimo debe contemplar o PD, no seguinte articulado:

- Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 14 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria  na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

## 3. Contexto DAFO

### 3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Os instrumentos de recollida de información previa para a análise DAFO foron a autoevaluación SELFIE e o Test CDD.

### 3.2. Análise interna

| DAFO | Descrición | Categoría | Obx. |
|---|---|---|---|
| Debilidade | Falsa sensación dun comportamento seguro en internet. | Alumnado | Non |
| Debilidade | Implicar máis ás familias no emprego de recursos ou ferramentas que propón o profesorado. | Familias | Si |
| Debilidade | No centro non existe un plan para axudar ao profesorado na aprendizaxe híbrida por falta de tempo e persoal cualificado. Non hai repositorios ou bibliotecas en liña e descoñecemos o procedemento para a súa creación e falta de tempo para facer unha recompilación de materiais propios do centro aínda que o centro está a crear o seu propio repositorio. | Infraestruturas | Non |
| Debilidade | Non hai unha estratexia dixital definida. Falta acordo entre o profesorado para unha estratexia dixital axeitada ao noso centro. | Organización de centro | Non |
| Debilidade | Intercambio de experiencias con profesorado doutros centros educativos.<br>Emprego de EVA só como unha ferramenta máis.<br>Emprego de recursos educativos abertos en maior medida. | Persoal docente | Non |
| Fortaleza | Dispoñibilidade de dispositivos dixitais para a aprendizaxe. Creación de contidos dixitais. Habilidades dixitais para diferentes materias. Motivación do alumnado grazas á metodoloxía empregada. | Alumnado | Si |
| Fortaleza | Amosan disposición a colaborar co centro cando se lles pide. | Familias | Si |
| Fortaleza | A situación xeográfica do centro, a súa contorna, a metodoloxía empregada para o ensino-aprendizaxe e a dotación para as aulas e para o alumnado son fortalezas que emprega o profesorado para impulsar novas metodoloxías e máis motivadoras para o alumnado. | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza | O centro conta con comedor escolar de xestión directa e de transporte escolar. Contamos tamén con radio e televisión escolar, impresora 3D, unha horta da que se encarga todo o alumnado, un pequeno galiñeiro con galiñas autóctonas (galiñas de Mos), unha aula da natureza e unha cociña onde realizan obradoiros ao longo do curso. Está en proceso o Proxecto "Patios vivos" para dotar ao alumnado de zonas lúdico-educativas. | Oferta | Non |
| Fortaleza | Interese por mellorar por parte do equipo directivo e profesorado. | Organización de centro | Si |
| Fortaleza | Traballo por proxectos en todos os cursos de infantil e primaria. Implicación por parte do equipo docente e directivo. Metodoloxía que se emprega. Ambiente de traballo propicio con interese por mellorar. Aprendizaxe interactiva e divertida. Intercambio de información e puntos de vista entre o profesorado. | Persoal docente | Si |
| Fortaleza | Intercambiar opinións e a colaboración co alumnado. | Persoal non docente | Non |

### 3.3. Análise externa

| DAFO | Descrición | Categoría | Obx. |
|---|---|---|---|
| Ameaza | Creación de repositorios en liña para o profesorado do centro. | Administración educativa | Non |
| Ameaza | Desenvólvense actividades encamiñadas a aprender a codificar ou programar pero son insuficientes. | ANPA | Non |
| Ameaza | Aprendizaxe híbrida: non existe un plan pero si hai apoio ao profesorado que o precise para afrontar dita aprendizaxe. | Contorna | Non |
| Ameaza | Sobrecarga de traballo burocrático. | Lexislación | Non |
| Ameaza | Ampliar a colaboración a Ciencia en galego. Xa levada a cabo neste curso 22-23. | Outras | Non |
| Oportunidade | Asistencia técnica por parte do asesor abalar da zona, UAC e Servizo Premium. | Administración educativa | Non |
| Oportunidade | Dispoñibilidade de colaboración por parte da ANPA. | ANPA | Non |
| Oportunidade | Zona rural por pouca cobertura móbil e de rede de internet. | Contorna | Non |
| Oportunidade | Considérase que, aínda que se coñecen as normas de autor e licenzas de uso, non se teñen en conta o suficiente. Levarase a cabo un seminario neste curso 22-23 para fortalecer este apartado. | Lexislación | Si |
| Oportunidade | Colaboración con distintas organizacións e entidades como Radio Estrada, gardas forestais, Mans Unidas, Programa Mus-e (Fundación Yehudi Menuhin), etc. | Outras | Non |

## 4. Obxectivos

### 4.1. Listaxe de obxectivos

| Código | Obxectivo |
|---|---|
| O1PD | CONTINUAR PROPORCIONANDO FERRAMENTAS E ESTRATEXIAS AO ALUMNADO DO SEGUNDO E TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA E AS FAMILIAS PARA ACTUAR DE XEITO SEGURO EN INTERNET. |
| O2PD | CREAR UN ESPAZO MULTIFUNCIONAL COS DIFERENTES RECURSOS DE POLOS CREATIVOS |
| O3PD | CONTINUAR COA CREACIÓN DE ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE DIXITAIS QUE FOMENTEN A CREATIVIDADE DO ALUMNADO (NARRACIÓNS DIXITAIS) EMPREGANDO RADIO ESCOLAR, TELEVISIÓN ESCOLAR, REVISTA ESCOLAR DIXITAL, IMPRESORA 3D, ROBOTS E OUTROS SOFTWARE ESPECÍFICOS. |

### 4.2. Datos do obxectivo O1PD

| Código | Estado |
|---|---|
| O1PD | Pendente |

### 4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Familias - Implicar máis ás familias no emprego de recursos ou ferramentas que propón o profesorado.
Fortaleza - Familias - Amosan disposición a colaborar co centro cando se lles pide.
Oportunidade - Lexislación - Considérase que, aínda que se coñecen as normas de autor e licenzas de uso, non se teñen en conta o suficiente. Levarase a cabo un seminario neste curso 22-23 para fortalecer este apartado.

### 4.2.2. Indicadores

| Indicador | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Sesións lectivas dedicadas á formación do alumnado. | 0 sesións | 6 sesións | 6 sesións | | | |

### 4.2.3. Accións

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Continuar co asesoramento ao alumnado para o emprego dunha internet segura tanto nos contextos como no proxecto curricular específico. | 03/06/2025 | xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro |
| **Responsables** | Profesorado | |
| **Destinatario** | Alumnado de terceiro a sexto de primaria. | |

## 4.3. Datos do obxectivo O2PD

| Código | Estado |
|---|---|
| O2PD | Pendente |

### 4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Fortaleza - Organización de centro - Interese por mellorar por parte do equipo directivo e profesorado.
Fortaleza - Persoal docente - Traballo por proxectos en todos os cursos de infantil e primaria. Implicación por parte do equipo docente e directivo. Metodoloxía que se emprega. Ambiente de traballo propicio con interese por mellorar. Aprendizaxe interactiva e divertida. Intercambio de información e puntos de vista entre o profesorado.

### 4.3.2. Indicadores

| Indicador | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Número de recursos dixitais creados polo profesorado. | Creación de recursos dixitais en EI | Creación de recursos dixitais en EI e continuar creando en EP | | | | |
| Porcentaxe de profesorado que emprega materiais de Polos Creativos. | 50% | 75% | | | | |
| Número de horas de formación no uso das ferramentas que proporcionan dende Polos Creativos a través dunha liña de PFPP. | 0 | 30 horas de formación. | | | | |

### 4.3.3. Accións

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Realizar actividades nos proxectos facendo uso dos materiais de Polos Creativos. | 30/05/2025 | xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro |
| **Responsables** | Profesorado. | |
| **Destinatario** | Alumnado. | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Solicitar formacións a través do PFPP no uso das ferramentas que proporcionen de Polos Creativos. | 30/05/2025 | xaneiro, maio, abril, marzo, febreiro |
| **Responsables** | Coordinadora de Polos Creativos. | |
| **Destinatario** | Profesorado | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Organizar e catalogar o material de Polos Creativos que proporcionen. | 20/06/2025 | xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro |
| **Responsables** | Coordinadora TIC e Polos Creativos. | |
| **Destinatario** | Comunidade Educativa | |

## 4.4. Datos do obxectivo O3PD

| Código | Estado |
|---|---|
| O3PD | Pendente |

### 4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Fortaleza - Alumnado - Dispoñibilidade de dispositivos dixitais para a aprendizaxe. Creación de contidos dixitais. Habilidades dixitais para diferentes materias. Motivación do alumnado grazas á metodoloxía empregada.
Fortaleza - Organización de centro - Interese por mellorar por parte do equipo directivo e profesorado.
Fortaleza - Persoal docente - Traballo por proxectos en todos os cursos de infantil e primaria. Implicación por parte do equipo docente e directivo. Metodoloxía que se emprega. Ambiente de traballo propicio con interese por mellorar. Aprendizaxe interactiva e divertida. Intercambio de información e puntos de vista entre o profesorado.

### 4.4.2. Indicadores

| Indicador | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Número de narracións dixitais creadas en cada trimestre. | Emprego de dúas narracións dixitais ao longo do curso en Ed. Primaria. | Emprego de tres narracións dixitais ao longo do curso en Ed. Primaria. | Emprego dunha narración dixitais ao longo do curso en Ed. Infantil. | | | |

### 4.4.3. Accións

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Crear  tres modelos de actividade no curso 2024-2025. | 30/05/2025 | xaneiro, decembro, novembro, outubro, maio, abril, marzo, febreiro |
| **Responsables** | Profesorado implicado. | |
| **Destinatario** | Alumnado de primaria. | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Crear un grupo de traballo para Ed. Infantil, outro para 1º e 2º de primaria e outro para 3º, 4º, 5 e 6º para a creación de actividades de narración dixital para os proxectos. | 30/05/2025 | xaneiro, decembro, novembro, outubro, maio, abril, marzo, febreiro |
| **Responsables** | Profesorado dos proxectos de Ed. Infantil e 1º e 2º de primaria e dos contextos | |
| **Destinatario** | Profesorado dos proxectos de Ed. Infantil e  1º e 2º de primaria e dos contextos | |

## 5. Seguimento

### 5.1. Procedemento para o seguimento

O equipo de Plan Dixital realizará unha xuntanza trimestral para seguimento e avaliación das liñas de acción e avaliación das liñas de traballo, e participará tamén das xuntanzas do equipo de TICs, onde se traballará conxuntamente para levar a cabo os obxectivos e accións deseñadas.

O mentor Adix do centro realizará un acompañamento, supervisión e asesoramento sobre as liñas de traballo para acadar os obxectivos.

A persoa coordinadora do Plan Dixital realizará o seguimento do Plan Dixital empregando a ferramenta Educalidade para a súa avaliación e seguimento baixo a supervisión da persoa Directora do centro e acompañada polo equipo de Plan Tics.

### 5.2. Primeiro trimestre

### 5.3. Segundo trimestre

### 5.4. Terceiro trimestre

## 6. Avaliación

### 6.1. Procedemento para a avaliación

O seguemento e avaliación do P.D. deberá facerse en relación co grao de consecución dos obxectivos establecidos no mesmo.

- Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 24-25. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos de Educalidade dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes de Educalidade para tal efecto.
- Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 24-25. Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de Educalidade para o seu cumprimento.

### 6.2. Valoración xeral

### 6.3. Propostas de mellora

## 7. Comunicación e difusión

### 7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

O Plan dixital publícase na web do centro no mes de outubro de 2024 e comunícase a súa publicación ás familias a través de Abalar.

## 8. Outros datos

## 9. Anexos

| Descrición | Arquivo |
|---|---|
| SELFIE | 36002220_CEIP Cabada Vazuez_SELFIE_021221_211221.pdf |
| DAFO | 36002220_CEIPCabadaVazquez_CDD_17032022.pdf |
| INFRAESTRUTURAS | 36002220_CEIPCabadaVazquez_DAFO_07042022.pdf |
| GUÍA PARA MESTRES DO CEIP CABADA VÁZQUEZ | GUÍA PARA MESTRES.pdf |
| RÚBRICA ANÁLISE DA INFORMACIÓN | RÚBRICA ANÁLISE DA INFORMACIÓN.pdf |
| RESULTADOS ENQUISA PARA O PROFESORADO DO CEIP CABADA VÁZQUEZ | Resultados enquisa Plan Dixital Ceip Cabada Vázquez Curso 22-23.pdf |
| EXEMPLOS DE NARRACIÓNS DIXITAIS | EXEMPLOS NARRACIÓNS DIXITAIS.pdf |
| Formación para a posta en marcha do Plan dixital (PFPP) | PFPP 22-23.pdf |
| ANEXOS CURSO 2023-2024 | EXEMPLOS NARRACIÓNS DIXITAIS.pdf |